

EXTRACTO DOS ACORDOS DA SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DE 17 DE XULLO DE 2017.

Alcalde-Presidente:

D. RAFAEL LUÍS CUIÑA APARICIO.

Concelleiros:

D. NICOLÁS MARÍA GONZÁLEZ CASARES.

D^a. KATIA MARGARET PROCINO TOIMIL.

D. TOMÁS VILARIÑO FIDALGO.

D^a. CELIA ALONSO CARAMÉS.

D. FRANCISCO XAVIER VILARIÑO TABOADA.

D^a. LARA RODRÍGUEZ PEÑA.

Secretario Xeral:

D. CÉSAR LÓPEZ ARRIBAS.

Interventora:

D^a. MARTA OVIEDO CREO.

Ausentes:

D^a. TERESA VARELA FISTEUS.

1.- APROBACIÓN, SE PROCEDE DAS ACTAS DAS SESIÓNS ANTERIORES.

Acordouse aprobar as actas das sesións celebradas pola Xunta de Goberno Local núm. 28/2017 e núm. 29/2017 de datas 3 de xullo de 2017 e 10 de xullo de 2017.

2.- EXPEDIENTE 3124/2017. LICENZA DE OBRA.

Acordouse conceder licenza de obra para a instalación dunha *EXPLOTACIÓN AVÍCOLA DE GALIÑAS DE POSTA* no polígono 112, parcelas nº 233, 234, 235 e 808, preto do lugar de parroquia de Alvarellos

3.- EXPEDIENTE 3234/2017. PROCEDIMIENTO ADMINISTRATIVO COMÚN (CONTRATACIÓN ADMINISTRACIÓN).

Acordouse adxudicar o Lote 2 :Servizo limpeza de instalacións culturais á empresa ILUNION LIMPIEZA Y MEDIO AMBIENTE S.A.

4.- EXPEDIENTE 3304/2017. PROCEDIMIENTO ADMINISTRATIVO COMÚN (FACTURAS).

Acordouse aprobar a relación de facturas nº 00054 por importe de 33.544,00 €.

5.- EXPEDIENTE 1977/2017. ANUNCIO LICITACIÓN PROXECTO PARA DESENVOLVER OS CAMPAMENTOS DE VERÁN DO CONCELLO DE LALÍN.

Acordouse adxudicar o Lote 2: Campamento deportivo no mar do expediente de contratación denominado “SERVIZO PARA DESENVOLVER O PROXECTO DOS CAMPAMENTOS DEPORTIVOS E DA ESCOLA DE VERÁN DO CONCELLO DE LALÍN”.

6.- EXPEDIENTE 3203/2017. RECLAMACIÓN EN VÍA ADMINISTRATIVA PREVIA A LA VÍA JUDICIAL LABORAL.

Acordouse desestimar a reclamación previa á vía xurisdiccional social EN RELACIÓN COA PETICIÓN DE SUBROGACIÓN DE TRABALLADORES DA EMPRESA ADXUDICATARIA DO “CONTRATO DE SERVIZO DE MANTEMENTO DAS ZONAS VERDES, PARQUES, XARDÍNS E ARBOREDO DO CONCELLO DE LALÍN.

7.- EXPEDIENTE 3133/2017. SOLICITUD DE SUBVENCIONES PARA ENTIDADES LOCALES.

Acordouse solicitar unha subvención para o seguinte programa: PROGRAMA DE APOIO OS CENTROS DE INFORMACIÓN ÁS MULLERES.

8.- EXPEDIENTE 3208/2017. SOLICITUDE DE ALTA VADO EN RÚA DA PONTE, 48 – BAIXO.

Acordouse a alta na Taxa por entradas de vehículos a través das beirarrúas e reservas de vía pública para aparcamento exclusivo, parada de vehículos, carga e descarga de mercadorías de calquera clase do vado permanente núm. 710.

9.- FORA DA ORDE DO DÍA PRESENTOUSE PARA A SÚA APROBACIÓN POR URXENCIA O SEGUINTE: ASUNTO EXPEDIENTE 3402/2017. PROCEDEMENTO XENÉRICO.

Acordouse solicitar á Deputación de Pontevedra unha subvención ao abeiro da Liña 1: Invetimentos do PLAN CONCELLOS 2016 para a realización do “Aparcadoiro de Autocaravanas”.

10.- FORA DA ORDE DO DÍA PRESENTOUSE PARA A SÚA APROBACIÓN POR URXENCIA O SEGUINTE ASUNTO: EXPEDIENTE 3392/2017. PROCEDEMENTO XENÉRICO.

Acordouse conceder autorización municipal para a realización da campaña de dinamización comercial “Peques-venres”.

11.- FORA DA ORDE DO DÍA PRESENTOUSE PARA A SÚA APROBACIÓN POR URXENCIA O SEGUINTE: EXPEDIENTE 3404/2017. PROCEDEMENTO ADMINISTRATIVO COMÚN (SECRETARIA XERAL).

Acordouse aprobar varias altas de acometida á rede de abastecemento de auga e saneamento e altas de contador.

12.- FORA DA ORDE DO DÍA PRESENTOUSE PARA A SÚA APROBACIÓN POR URXENCIA O SEGUINTE: EXPEDIENTE 3327/2017. PROCEDEMENTO XENÉRICO.

Acordouse corrixir o erro padecido na factura rexistrada o 7 de abril de 2017 e aprobada en Xunta de Goberno o 24 de abril de 2017, refírese a un gasto que foi imputado por erro na aplicación orzamentaria 3321. 22609, que se corresponde coas actividades da biblioteca municipal; porén, en realidade o gasto

tería que ser imputado na partida de actividades culturais e deportivas.

13.- FORA DA ORDE DO DÍA PRESENTOUSE PARA A SÚA APROBACIÓN POR URXENCIA O SEGUINTE: EXPEDIENTE 3411/2017. PROCEDEMENTO ADMINISTRATIVO COMÚN (SECRETARIA XERAL).

Acordouse conceder autorización municipal para a realización de reportaxes sociais facendo fotos no Pazo de Liñares, tanto no interior como no exterior en caso de bautizos, bodas e comunicacións.

14.- FORA DA ORDE DO DÍA PRESENTOUSE PARA A SÚA APROBACIÓN POR URXENCIA O SEGUINTE: EXPEDIENTE 2969/2017. CONTRATO MENOR DE OBRAS.

Acordouse autorizar e comprometer un gasto por importe de 12.918,00 € máis a partida de 2.712,78 € con destino á realización das obras denominadas “REFORMAS VARIAS NO EDIFICIO DO AUDITORIO DE VILATUXE”.

15.- CORRECIÓN DE ERROS. EXPEDIENTE 650/2017. CONVENIO DE COLABORACIÓN PARA A CELEBRACIÓN DO XXIII RALI DO COCIDO.

Acordouse corrixir o erro no acordo adoptado na Xunta de Goberno Local do día 10 de xullo de 2017, no punto 18 en relación ó expediente do Convenio de Colaboración entre o Concello de Lalín e a Escudería Lalín Deza, para a celebración do XXIIIº Rali do Cocido.

16.- FORA DA ORDE DO DÍA PRESENTOUSE PARA A SÚA APROBACIÓN POR URXENCIA O SEGUINTE: EXPEDIENTE 3337/2017. DENEGACIÓN SOLICITUDE ALTA TAXA VADO DONFREÁN.

Acordouse denegar a alta na Taxa por entradas de vehículos a través das beirarrúas e reservas de vía pública para aparcamento exclusivo, parada de vehículos, carga e descarga de mercadorías de calquera clase para a vivenda ubicada en Donfreán, nº 13–Catasós.

17.- FORA DA ORDE DO DÍA PRESENTOUSE PARA A SÚA APROBACIÓN POR URXENCIA O SEGUINTE: EXPEDIENTE 3316/2017. PROCEDEMENTO ADMINISTRATIVO COMÚN (CONTRATACIÓN ADMINISTRACIÓN).

Acordouse autorizar e comprometer un gasto por importe de 7.500,00 € máis a partida de 1.575,00 € con destino á realización das obras denominadas “REFORMAS VARIAS NO EDIFICIO DO AUDITORIO DE MUIMENTA”.

18.- FORA DA ORDE DO DÍA PRESENTOUSE PARA A SÚA APROBACIÓN POR URXENCIA O SEGUINTE: EXPEDIENTE 3125/2017. LICENZA DE OBRA.

Acordouse conceder licenza de obra para a AMPLIACIÓN DE ESTABULACIÓN DE VACAS DE LEITE no polígono 112, parcelas nº 233, 234, 235 e 808, no lugar de Souto, parroquia de Xaxán.

19.- FORA DA ORDE DO DÍA PRESENTOUSE PARA A SÚA APROBACIÓN POR URXENCIA O SEGUINTE: EXPEDIENTE 3254/2017. DEPENDENCIA.

- Acordouse aprobar a LIQUIDACIÓN XUÑO 2017 DO SERVICIO DE AXUDA NO FOGAR LIBRE CONCORRENCIA.

- Acordouse aprobar a LIQUIDACIÓN XUÑO 2017 DO SERVICIO DE AXUDA NO FOGAR, DEPENDENCIA.

E non habendo máis asuntos que tratar, pola Presidencia levántase a sesión, cando son as 20:05 horas do día do seu comezo, da que, eu, como Secretario Xeral, dou fe.

